1º PREMIO GALEGO.

Parece que hoxe o sol quenta máis dentro, hoxe que te penso volvo estar baleira e chea á vez.

Non sei comezar as cartas dende que te foches, tampouco dar apertas sen buscar o teu cheiro ou rirme sen que camiñes polo meu seso.

Ti fixéchesme entender que o amor non é cousa dun momento, non é o que un pode sentir cara a súa parella, non é só iso, o amor tal e como ti mo aprendeches e bicar as feridas, aceptar e querer ata nos días máis feos. Ti ensináchesme que se pode querer a unha persoa sen vela.

Foches a primeira persoa que me mirou dentro, ti fixéchesme sentir que non son calquera.

O meu mundo é teu porque me ensinaches tanto e me arranxaches tantas veces que che debo máis do que ti me deches.

Eres o meu exemplo, eres bondade, cariño, comprensión, agarimo, eres doce, incondicional, o meu sol, a primeira cereixa do verán, todos os meus momentos. Ti, avoa, eres a verdadeira definición de amor.

Porque te foches e sigo falando de ti en presente. Realmente non te foches, segues estando en cada momento.

Sígote necesitando a ti e a todo o que che faltaba por aprenderme.

Cada persoa boa da miña vida tevo, na esencia, algo teu.

Sempre me preguntaba como podía demostrarche todo o que te quero, decircho non era suficiente xa que unha palabra non recolle todo o que sinto. Despois ía vendo atardeceres, tardes de choiva e o primeiro sol que a ti tanto che gustaba pero eran instantes que se ían e non sabía decircho, non sabía como decirche que me fixeches, que te

tero dentro e que te quero como non quixen a ninguén, non souben decirche que sen ti a miña vida é un frío constante que se me mete baixo a pel.

A medida que os teus suspiros se facían máis curtos facíanse máis longas as miñas noites.

Marchaches e levaches o meu corazón contigo, eu mesma cho dei a primeira vez que me vin reflexada neses olliños.

Iluminasme a vida, a saudade que sinto é a impotencia de non poder volver escoitarte, eres tan bonita que incluso agora apareces nos momentos nos que máis o necesito.

Teño dentro todo o que me deches, gardado baixo chave para non perdelo nunca.

Se hoxe che dedico esta carta é porque ti eres o meu amor e sen ti nunca podería saber como querer.

Os invernos queiman e as noites berran ó son da muiñeira.

Quérote aínda, hoxe, mañá e sempre.
Seguirei cantando por ti.